Síntese da iniciativa: Sobre as medidas e estratexias que prevé desenvolver o Goberno galego para o impulso e a consolidación dos sectores industriais na comarca de Vigo

Resposta

A industria galega evolucionou positivamente no ano 2023 a pesar do contexto socioeconómico cambiante dos últimos anos: inestabilidade económica global marcada polos conflitos xeopolíticos, que tiveron un efecto importante nas cadeas de subministración combinada coa crise enerxética que afectou negativamente á produción e á exportación. Asemade, os esforzos en sustentabilidade e a adaptación ás normativas medioambientais esixiron de investimentos significativos que, aínda que necesarios a longo prazo, supuxeron un verdadeiro reto inmediato.

En conxunto, a industria galega demostrou unha sobresaínte capacidade de resiliencia e adaptación, sentando as bases para un futuro prometedor, aínda que con importantes desafíos por superar.


Boa mostra é, que a pesar deste contexto global, a industria galega evolucionou positivamente en cifras de VAB industrial, comezou a recuperar emprego e está conseguindo cifras récord en exportacións.

Estes datos positivos resultan esperanzadores pero, no actual contexto de transición dixital e verde, a industria debe adaptarse e posicionarse neste novo contexto produtivo para mellorar a súa competitividade e para converter Galicia nun polo de atracción de novos investimentos e proxectos industriais.

Neste sentido, debe tratarse de que o valor agregado bruto industrial aumente o seu peso estrutural e continuar cunha senda de evolución positiva dos últimos anos:



Gráfica: Evolución VAB Industrial. Serie 2009-2023



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais¹. (Datos en miles de euros)

Como dato de referencia, citar que, anteriormente á covid-19, o ano 2018 é o que marca o mellor rexistro en termos de VAB industrial, rexistrando o nivel máis alto desde 2009.

No período post-pandemia, 2021 marca o inicio da recuperación, acadando un nivel de valor agregado bruto próximo aos mellores resultados dos anos precedentes. Sen embargo, é nos anos 2022 e 2023 cando se consolida esta tendencia alcista acadando rexistros récord e marcando os mellores resultados de toda a serie histórica de datos. Cómpre salientar que 2023 segue a mellorar o nivel de VAB industrial, ao rexistrar un incremento interanual do 3,9% sobre o ano precedente.

En canto ao emprego industrial, partindo dos datos anuais da EPA para o ano 2023, a industria galega representa un 14,9% do total da poboación ocupada en Galicia, porcentaxe que supera a media estatal, que acada un 13,3%. En base a estes datos, pódese afirmar que, estruturalmente, o emprego industrial galego ten un peso superior ao de España. No ano 2023, Galicia rexistrou unha media de 168.200 persoas ocupadas na industria, incrementando a cifra nun 1,45% con respecto ao dato de 2022.

¹ Os datos anuais de 2021 son provisionais. Os datos anuais de 2022 e 2023 son avances.



Co fin de continuar avanzando no impulso da actividade industrial e, polo tanto, na creación de emprego neste sector, a Xunta de Galicia está a desenvolver distintos instrumentos previstos na normativa vixente.

De acordo co artigo 60 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, a planificación da política industrial galega plasmarase nunha estratexia de política industrial que se baseará nos seguintes instrumentos:

- a) Os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia, que son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como finalidade promover o desenvolvemento da actividade industrial no sector específico que corresponda, mediante a definición das medidas necesarias para o seu impulso.
- b) O Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais.

En relación ao impulso dos sectores naval e da automoción, de grande importancia na cidade de Vigo e na súa área, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta de Galicia acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector industrial da automoción e o da construción naval, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os Plans Directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.



As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción e da construción naval, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas dos respectivos sectores, así como coas distintas consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, elaboráronse xa os anteproxectos dos respectivos plans directores e, como últimos trámites antes da súa aprobación polo Consello da Xunta da Xunta de Galicia, solicitáronse xa os informes do Consello Galego de Economía e Competitividade e do Consello Económico e Social.

Nos anteproxectos dos Plans directores, o obxectivo xeral de apoio aos sectores desprégase en dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades que aparecen recollidos na seguinte táboa:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	EIXES	ÁMBITOS DE PRIORIDADES
OE1. Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade	Eixe 1. Industria galega produtiva, sustentable e exportadora	P1. Internacionalización
		P2. Dixitalización
		P3. Sustentabilidade
	Eixe 2. Competitividade sectorial e consolidación de proxectos	P4. Competitividade e innovación
		P5. Investimento
	Eixe 3. Persoas	P6. Persoas



OE2. Reforzar o ecosistema industrial	Eixe 4. Mellora de infraestruturas e promoción do solo industrial	P7. Infraestrutura e solo industrial
	Eixe 5. Nova gobernanza	

No caso do sector da automoción, nestes cinco eixos agrúpanse as 65 medidas que se desenvolverán no período 2025-2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia, coa súa dotación económica xa aprobada para o ano 2025 nos orzamentos da Comunidade Autónoma, actualmente en tramitación e, xa é coñecida, a correspondente ás anualidades 2026 e 2027, de acordo co marco económico-financeiro incluído no plan.

Considerando a extrapolación da dotación orzamentaria do ano 2025 ao resto de anualidades, así como a dotación das convocatorias extraordinarias de axudas iniciadas no ano 2024, a cuantificación do apoio da Xunta de Galicia ao sector da automoción no período 2024 a 2027 estímase en 234,1 M€ (incluíndo os 22 M€ do ano 2024 e os 50 M€ previstos en axudas extraordinarias para o período 2025-2026).

Pola súa parte, o anteproxecto do Plan director do sector naval inclúe 63 medidas previstas, co seu orzamento total, e o orzamento ponderado correspondente ao peso do sector da construción naval, cunha estimación de preto de 21M€/ano de apoio.

Os resultados das medidas destes plans directores, así como o do resto de plans directores dos distintos sectores estratéxicos, que están xa en proceso de elaboración, terán beneficios positivos tanto na cidade de Vigo, como na súa área, e en toda Galicia, e uniranse ao resto de medidas que o Goberno galego está a impulsar en materia de axilización administrativa, acceso ao financiamento, creación de solo empresarial, e, en xeral, mellora da competitividade das empresas, o que repercute de forma favorable na actividade industrial e na creación de emprego.



En canto ao acceso aos fondos comunitarios e estatais, desde a Xunta de Galicia, a través da Oficina Económica de Galicia (Igape) dáse apoio e asesoramento a todas as empresas da Comunidade Autónoma para a preparación dos seus proxectos e presentación ante as diferentes convocatorias de axudas.

Todas as medidas indicadas son algunhas das actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil e tratar de paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais, que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas. Búscase, en definitiva poder competir con outros países do mundo que, na maior parte dos casos, están suxeitos a normativas totalmente diferentes, tanto no aspecto ambiental como de posibilidades de financiamento ou apoio público.



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:27:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:27:30
Nº Rexistro: 17499
Data envío: 16/01/2025 10:27:30.765

CSV: B0R0G-SpG8yZS-1e0f-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7872**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Manuel Golpe Acuña, don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"o estado actual da tramitación do proxecto que pensa desenvolver a empresa de pneumáticos Sentury Tire Spain S. L. U. nas Pontes de García Rodríguez e dos parques eólicos vinculados a este proxecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego segue agardando que Sentury, logo de varios requirimentos, complete a documentación técnica requirida para que a fábrica de pneumáticos de As Pontes poida obter a Autorización Ambiental Integrada, requisito previo á aprobación por parte do Consello da Xunta como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE).

O proxecto, que conta cun investimento superior aos 530 millóns de euros e prevé a creación de 750 postos de traballo, foi declarado PIE no ano 2022 e, unha vez declarado, a Administración autonómica completou os trámites para a obtención da declaración de impacto ambiental nun tempo récord, en outubro do 2023, mantendo sempre o máximo rigor técnico. Pero segue agardando que Sentury clarexe o seu futuro e cumpra coas esixencias que establece a normativa actual para garantir o seu estrito cumprimento.

Cómpre lembrar que existe unha garantía por parte do Goberno galego de tramitar os PIE, como é o caso de Sentury, no prazo máximo dun ano sempre que o promotor achegue a documentación técnica ao longo do procedemento, garantindo unha avaliación exhaustiva e minuciosa pero coa maior axilidade posible.

En relación cos parques eólicos vinculados a Sentury, cómpre sinalar que Sentury Tire subscribiu un contrato PPA para a compra de enerxía a longo prazo e a un prezo competitivo con Enel. O PPA incluíu a enerxía de 3 parques:

- Caaveiro (78 MW)
- Tesouro (50,4 MW)
- Moeche (50,4 MW)

Estes tres parques, debido á potencia instalada, superior aos 50 MW límites que marca o artigo 3.13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, a tramitación correspóndelle á Administración Xeral do Estado, e en concreto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





En calquera caso, segundo o artigo 6.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, non poderán implantarse parques eólicos fóra das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia, a excepción das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así como aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, posúan unha función vertebradora e estruturante do territorio e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de enerxía. E esta previsión é de aplicación tanto aos parques eólicos de tramitación autonómica como estatal, polo que tamén lle aplica a estes tres parques.

Neste sentido, os tres están fóra das áreas de desenvolvemento eólico. Por iso, precisaron da devandita declaración de excepcionalidade. Trala correspondente solicitude de excepcionalidade, baseada fundamentalmente nun contrato de compra-venda de enerxía a prezo competitivo a longo prazo entre Enel con Sentury Tire Spain, esta excepcionalidade foi declarada polo Consello da Xunta o 17 de novembro de 2022 para os tres parques.

Porén, durante a tramitación, o parque eólico Caaveiro obtivo unha declaración de impacto ambiental desfavorable, mentres que os outros dous xa contan con autorización administrativa previa e de construción.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2025 10:27:47
Nº Rexistro: 17132
Data envío: 14/01/2025 10:27:47,472

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2025 10:27:47

CSV: B6P5TRBQ6&Z2ME679
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







Unha vez os proxectos se atopan en tramitación, a información está dispoñible para toda a cidadanía, como no caso do proxecto industrial estratéxico "proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas", cuxa información pública pode consultarse na ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240304/AnuncioG0692-200224-0017_gl.html

En relación a proxectos de xeración de hidróxeno verde ou produtos derivados, dende o ano 2020 xurdiron distintos proxectos con base neste vector enerxético e, de feito, a día de hoxe hai catro proxectos declarados como Proxectos industriais estratéxicos, que se atopan en diferentes graos de tramitación:

- H2POLE, promovido por H2POLE SL, declarado como Proxecto industrial estratéxico o 08/09/2022 (cun investimento previsto de 156M€ e 64 empregos), e que xa dispón de autorización ambiental integrada.
- Triskelion (produción de metanol verde), promovido por Forestal del Atlántico SA, declarado como Proxecto industrial estratéxico o 27/10/2022 (cun investimento previsto de 200M€ e 40 empregos), e que xa conta con autorización administrativa.
- H2Meirama, promovido por H2MEIRAMA SA, declarado como Proxecto industrial estratéxico o 27/07/2023 (cun investimento previsto de 65M€ e 14 empregos), e que está en fase de tramitación ambiental.
- AccionaPlug, promovido por AccionaPlug SL, declarado como Proxecto industrial estratéxico o 02/09/2024 (cun investimento previsto de 49M€ e 25 empregos), e que está en fase de tramitación ambiental.

En relación proxecto do Centro de Datos, promovido por Galicia Green Data Center SL, foi declarado como Proxecto industrial estratéxico o 09/09/2024 (cun investimento previsto de 51M€ e 45 empregos), e atópase actualmente en tramitación.

Pola súa parte, no caso de Recursos de Galicia, a sociedade constituída está xa en operación, como se ten informado publicamente en diversas ocasións, co obxectivo último de garantir que a xestión da riqueza dos recursos naturais galegos se traducirá sempre en riqueza social para a comunidade.

Ademais, existen outros proxectos que actualmente se atopan en fase de conceptualización, e cuxa tramitación non ten comezado. Nestes casos, ao tratarse de proxectos nos que poden participar empresas privadas, nalgúns casos con acordos de confidencialidade (cómpre lembrar que a propia Sociedade Impulsa Galicia ten maioría de capital privado), deben respectarse as necesarias cautelas derivadas do segredo comercial ou industrial.

En calquera caso, cómpre salientar que os proxectos impulsados por Impulsa Galicia foron concibidos desde un principio en base aos principios de dixitalización e sustentabilidade, sendo un bo sinal que existan proxectos industriais estratéxicos que xa están en tramitación, dos que foron identificados pola Sociedade Impulsa, polo que é indubidable que o resultado para Galicia da posta en marcha desta sociedade é moi positivo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Finalmente, cómpre salientar que o impulso de proxectos tractores tratou de aproveitar a oportunidade que constituían os fondos Next Generation, e que non está a ter os resultados previstos debido á pouca adaptación das convocatorias e medidas deseñadas polo Estado á realidade da industria española; este feito, derivado de que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas, está a conlevar unha baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais e, polo tanto, á perda dunha oportunidade histórica para afrontar a transición a unha economía verde, dixital e sustentable por parte do tecido empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:27:24
Nº Rexistro: 17497
Data envío: 16/01/2025 10:27:24.327

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:27:23

CSV: B0R0G\$M0V06ZC4#E0F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7893**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas, dona Carmela González Iglesias, don Ramón Fernández Alfonso e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"as mudanzas que se aveciñan na industria da automoción pola transición enerxética, o seu impacto na área de Vigo e as razóns de que o Goberno galego aínda no puxese en marcha medidas para facilitar a instalación dunha fábrica de baterías ou un plan estratéxico"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de achegarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación remitida pola **Consellería de Economía e Industria**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Nº de rexistro: 7893

Grupo Parlamentario: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Síntese da iniciativa: Sobre as mudanzas que se aveciñan na industria da automoción pola transición enerxética, o seu impacto na área de Vigo e as razóns de que o Goberno galego aínda no puxese en marcha medidas para facilitar a instalación dunha fábrica de baterías ou un plan estratéxico

Resposta

A ambiciosa transición da UE cara a unha economía sustentable e climaticamente neutra ten implicacións cada vez máis profundas para as rexións, as persoas traballadoras, as industrias e a sociedade de Europa en xeral. Estas implicacións son especialmente importantes nas rexións que dependen dos combustibles fósiles e das industrias de gran consumo de enerxía.

Neste sentido, o "Ditame do Comité Europeo das Rexións-Unha transición xusta e sustentable das rexións con industria de automoción" fai énfase en múltiples implicacións da transición e, entre elas, lembra a necesidade de reducir drasticamente as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Co fin de acadar esta redución, cómpre levar a cabo distintas actuacións en torno á industria e prestación de servizos relacionados co automóbil e o seu mantemento, así como na electrificación da industria automobilística, transformando as industrias tradicionais para convertelas en provedoras das novas tecnoloxías e sectores.

Nesta conxuntura, a industria da automoción europea enfróntase a un gran desafío para manter a súa competitividade a futuro e isto vén impactando na estabilidade das industrias nas rexións con industria de automoción, particularmente en Galicia. Esta situación debe abordarse sen dúbida con proxectos a longo prazo e coa intervención directa das institucións e fondos



comunitarios, iso sen prexuízo de que as rexións traten de paliar no posible os impactos a que se ve sometido o sector de modo máis inmediato.

Por iso, a Xunta de Galicia, consciente destas circunstancias, está a levar a cabo diversas accións de apoio ao sector do automóbil, co fin de que o emprego deste sector en Galicia non se vexa afectado por esta transición.

En relación ao apoio á implantación de proxectos industriais, o Goberno galego ten impulsado a aprobación de diversas figuras dirixidas a axilizar a aprobación de proxectos industriais, máis recentemente, a axilizar a creación de solo empresarial naquelas localizacións nas que existe demanda por parte de empresas para a súa implantación. Ademais, o Goberno galego puxo en marcha diversos mecanismos de axudas e financiamento, así como á formación e capacitación do persoal.

Estas e outras medidas están a facer que o sector industrial perciba esta Comunidade como un lugar idóneo para investir.

Por outra parte, o 29 de febreiro de 2024, o Consello da Xunta acordou declarar seis sectores como estratéxicos para Galicia, entre os que se atopa o sector da automoción, para os efectos da elaboración dun plan director, figura prevista no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

Os Plans Directores dos distintos sectores industriais son ferramentas estratéxicas deseñadas para fomentar o desenvolvemento da actividade industrial en áreas específicas. O seu obxectivo é definir e establecer as medidas necesarias para impulsar estes sectores, con miras a fortalecer todo o tecido industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e promover a creación e mantemento do emprego na industria.

As medidas contempladas nos plans están orientadas a fortalecer o sector industrial galego. Isto inclúe mellorar a competitividade das industrias existentes, fomentar a súa internacionalización, promover a sustentabilidade



e impulsar a innovación nos seus procesos produtivos. O fin último é incrementar o emprego industrial de calidade en Galicia. Ademais, estas medidas tamén están dirixidas a atraer investimentos que reforcen o tecido industrial galego, aproveitando e fortalecendo as sinerxías tanto sectoriais como intersectoriais.

No caso do sector da automoción, e trala colaboración levada a cabo coas entidades representativas deste sector, así como coas distintas consellerías e entidades da Xunta de Galicia con competencias afectadas pola actividade industrial, elaborouse o anteproxecto do plan director do sector da automoción e, como últimos trámites antes da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, solicitáronse xa os informes do Consello Galego de Economía e Competitividade e do Consello Económico e Social.

No anteproxecto do Plan director do sector da automoción, o obxectivo xeral de apoio ao sector desprégase en dous obxectivos estratéxicos, cinco eixes e sete ámbitos de prioridades que aparecen recollidos na seguinte táboa:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	EIXES	ÁMBITOS DE PRIORIDADES
OE1. Impulsar e consolidar a industria galega aumentando a súa produtividade e competitividade	Eixe 1. Industria galega produtiva, sustentable e exportadora	P1. Internacionalización
		P2. Dixitalización
		P3. Sustentabilidade
	Eixe 2. Competitividade sectorial e consolidación de proxectos	P4. Competitividade e innovación
		P5. Investimento
	Eixe 3. Persoas	P6. Persoas
OE2. Reforzar o ecosistema industrial	Eixe 4. Mellora de infraestruturas e promoción do solo industrial	P7. Infraestrutura e solo industrial
	Eixe 5. Nova gobernanza	



Nestes cinco eixos agrúpanse as 65 medidas que se desenvolverán no período 2025-2027 de apoio ao sector da automoción por parte das distintas consellerías da Xunta de Galicia, coa súa dotación económica xa aprobada para o ano 2025 nos orzamentos da Comunidade Autónoma, actualmente en tramitación e, xa é coñecida, a correspondente ás anualidades 2026 e 2027, de acordo co marco económico-financeiro incluído no plan.

Entre outras, medidas, no anteproxecto inclúese o "Fortalecemento do diálogo social co sector", propoñéndose que os membros que forman parte do Diálogo social poidan ser parte activa no proceso de elaboración dos plan directores e do seu seguimento.

Considerando a extrapolación da dotación orzamentaria do ano 2025 ao resto de anualidades, así como a dotación das convocatorias extraordinarias de axudas iniciadas no ano 2024, a cuantificación do apoio da Xunta de Galicia ao sector da automoción no período 2024 a 2027 estímase en 234,1 M€ (incluíndo os 22 M€ do ano 2024 e os 50 M€ previstos en axudas extraordinarias para o período 2025-2026).

Todas as medidas indicadas son algunhas das actuacións emprendidas pola Xunta de Galicia para promover a actividade industrial e o emprego no sector do automóbil e tratar de paliar a baixa execución dos fondos asignados aos PERTE industriais, que o Estado decidiu, de forma unilateral, xestionar sen a necesaria participación das Comunidades Autónomas. Búscase, en definitiva poder competir con outros países do mundo que, na maior parte dos casos, están suxeitos a normativas totalmente diferentes, tanto no aspecto ambiental como de posibilidades de financiamento ou apoio público.



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:27:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:27:17
Nº Rexistro: 17496
Data envío: 16/01/2025 10:27:17.796

CSV: BGRBGSB678Zg4E0f7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

“O bono deporte foi concibido como unha medida puntual para contribuír a aliviar ás familias de gastos nun contexto de inflación e incerteza e que resultou todo un éxito, con máis de 114.752 bonos descargados por importe de máis de 13,7 millóns de euros. Un total de 1.076 establecementos e entidades deportivas adheríronse á iniciativa, que promoveu transaccións e vendas por un importe global de 18,1 millóns de euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/01/2025 10:26:56

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2025 10:26:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2025 10:27:00
Nº Rexistro: 17130
Data envío: 14/01/2025 10:27:00.041

CSV: B0P5TRBQ3X2211HDL-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:22:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:22:16
Nº Rexistro: 17474
Data envío: 16/01/2025 10:22:16.075

CSV: B0RBO9PE6KZ5gED-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9466**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Elena Rodríguez Dacosta e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"a resposta dada pola Xunta de Galicia ás peticións formuladas polo Comité de Empresa do Centro de Menores Monteledo e as previsións que ten no que atinxe á mellora das súas instalacións e da súa xestión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A rede de centros públicos destinados ao cumprimento de medidas xudiciais establecidas na lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, dispón de capacidade suficiente para garantir que todas as persoas que teñen que cumprir ditas medidas na Comunidade Autónoma de Galicia fano con normalidade e en función do tipo de medida establecida polo xulgado correspondente.

Respecto do centro público de reeducación Monteledo, efectivamente este centro funciona con normalidade e a súa forma de xestión non ten variado nos seus preto de 30 anos que leva en funcionamento.

A única novidade que se ten producido, da cal se ten informado de xeito reiterado, é que a Xunta de Galicia modificou o procedemento de selección da entidade que xestiona este centro público, que ata agora víñase facendo a través dun convenio publicado no DOG e agora realízase a través dun concerto social publicado tamén no DOG, o cal beneficia ás entidades do terceiro sector. De feito, a implantación do concerto social estase a realizar tamén nos outros centros de reeducación da Xunta, nos centros de intervención en medio aberto e tamén nos recursos de acollemento residencial como casas de familia ou minirresidencias.

O concerto social supón un novo mecanismo que permite impulsar as relacións da Xunta de Galicia coas entidades prestadoras de servizos sociais, e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades deste sector. Neste caso concreto, o concerto social para os centros de reeducación Monteledo e Montefiz non supuxo unha diminución do cadro de persoal, senón todo o contrario: aumentouse o persoal.

Convén lembrar que Galicia é unha comunidade autónoma cuns índices de delincuencia xuvenil moi baixos, e desde logo moi por debaixo da media española: Galicia é a 2ª comunidade autónoma cos índices de notificación de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España, e tamén é a 2ª comunidade autónoma cos índices de execución de medidas xudiciais a menores de idade máis baixos de toda España.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non obstante, a Xunta de Galicia ten incrementado desde 2009 o número de recursos e de prazas destinadas ao cumprimento das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores. En todo caso, a Xunta de Galicia está a executar todas as medidas xudiciais que veñen establecidas polos Xulgados de menores, tamén as medidas de internamento terapéutico. O 100% das medidas.

Finalmente, respecto das obras de mellora do centro Monteledo, xa está en obras desde hai meses, o que vai redundar nunha importante mellora nas condicións de traballo do persoal do centro e tamén nunha maior confortabilidade para as persoas usuarias do mesmo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:21:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:21:57
Nº Rexistro: 17471
Data envío: 16/01/2025 10:21:57.325

CSV: B0R0G3B0X0Z-6E0f-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9783**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación das instalacións do estadio do Couto, en Ourense, e as previsións que ten o Goberno galego verbo da súa mellora"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Hai que poñer en valor a envergadura e importancia das obras levadas a cabo no estadio de O Couto, tanto no que se refire a súa reforma e mellora como na substitución de céspede, por importe global de 3 millóns de euros.

Unhas actuacións necesarias e demandadas polo tecido deportivo de Ourense e executadas á plena satisfacción do interese público perseguido.

Tras as dificultades detectadas tras o primeiro partido, procedeuse de forma inmediata a dar as solucións técnicas precisas xunto á dirección facultativa da obra para repoñer e reforzar a subestrutura de revestimento de malla deployé na fachada do edificio do fondo norte.

No que respecta ás oficinas do estadio, a actual malla metálica permite un maior paso de luz que as anteriores lonas publicitarias. E os novos vestiarios contan cun sistema de ventilación mecánica instalada ao efecto.

Polo que respecta ás vallas de seguridade e ao resto das instalacións, compren, como non podería ser doutro xeito, co referido no Código Técnico de Edificación e no resto da normativa de aplicación."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:21:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:21:50
Nº Rexistro: 17470
Data envío: 16/01/2025 10:21:50.872

CSV: BGJREBQ-9DE-48XKZTH+E0F-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9787**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outras deputadas do mesmo grupo, sobre **"as características dos centros de crise 24 horas de atención ás vítimas de violencia sexual que prevé crear a Xunta de Galicia e o prazo previsto para a súa posta en marcha"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Os centros de crise 24 horas de Galicia xa están abertos dende o pasado mes de decembro. Deste xeito:

Galicia cumpriu ao abrir estes centros dentro do prazo fixado.

Trátase de cinco centros, un máis dos esixidos pola Unión Europea que obriga á construción dun por provincia. Están situados nas áreas sanitarias de Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo.

Estes centros ofrecen servizos de atención psicolóxica, xurídica e social. Proveen apoio e asistencia en situacións de crise para vítimas, familiares e persoas do seu entorno, de aí a decisión do Goberno galego de situalos dentro das áreas sanitarias.

Ademais, inclúen un acompañamento e información telefónica e presencial as 24 horas do día e todos os días do ano.

É importante recordar que o Goberno central non informou sobre como ten que ser o funcionamento destes centros e non contou coas Comunidades Autónomas para a súa implantación.

Por non dicir que nin sequera elaborou un protocolo de actuación común para todas as Comunidades para aposta en marcha destes recursos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:21:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:21:44
Nº Rexistro: 17469
Data envío: 16/01/2025 10:21:44.356

CSV: B0R0B0S20H6XJZ4HE0F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9966**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os recursos de que dispón o alumnado de etapas postobrigatorias dos concellos de Moeche, San Sadurniño e Narón en materia de transporte público para asistir aos seus centros de ensino"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 9968, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 101, do 15 de outubro de 2024, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/01/2025 9:41:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2025 09:41:51
Nº Rexistro: 17123
Data envío: 14/01/2025 09:41:51.572

CSV: B0P5TRB3a6&Z/HBX-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10176**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luís Bará Torres, sobre **"a evolución dos servizos ferroviarios en Galicia na última década e a postura do Goberno galego ante a eventual reclamación dunha mellora e dun servizo de proximidad"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 10178, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 105, do 21 de outubro de 2024, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:20:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:20:06
Nº Rexistro: 17466
Data envío: 16/01/2025 10:20:06.121

CSV: BGJREBQ5P83BNRZ4#E01-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10278**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria do servizo de transporte urbano da comarca de Ferrol e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para intervir na procura dunha solución"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 10281, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 105, do 21 de outubro de 2024, á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/01/2025 10:19:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2025 10:19:52
Nº Rexistro: 17464
Data envío: 16/01/2025 10:19:52.215

CSV: BGRBG\$XGR%Z14E01-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICIO

Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

